

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*RESOLUCIÓN do 13 de decembro de 2021 pola que se amplía o prazo de realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as.*

A Orde do 22 de abril de 2019 (DOG núm. 80, do 26 de abril) pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, dispón na base II.1.4 que o prazo máximo para a realización do cuarto exercicio será de 40 días hábiles contados desde a realización do exercicio anterior.

O terceiro exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 15 de novembro de 2021.

Diversas cuestións de carácter organizativo impiden o cumprimento do prazo a que se fai referencia no parágrafo primeiro, polo que, consonte a proposta elevada polo tribunal cualificador e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta consellería

**DISPÓN:**

A ampliación do prazo de realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021

O conselleiro de Facenda e Administración Pública  
P.D. (Orde do 8 de xaneiro de 2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

